


O monte de Santa Cruz

O monte de Santa Cruz é un dos miradores máis importante de Ribadeo, está situado a 3 Km do centro urbano. Ofrece unha vista da Ría de Ribadeo e podes apreciar Ribadeo e parte de Asturias (Castropol, Figueiras,cos montes asturianos ao fondo e tamén a desembocadura do río Eo e toda a costa, ata mais alá de Tapia de Casariego.)

O primeiro domingo de agosto celébrase unha romería coñecida como Xira de Santa Cruz, declarada de interese turístico Nacional.



En dirección ao interior, a vista da ría alcanza ata cerca de Vegadeo, tamén cos montes asturianos coma telón de fondo.





Nesta zona ten lugar o primeiro domingo de agosto a Xira de Santa Cruz e o Día da Gaita Galega. É unha romería moi popular, con música folclórica.

Valor e interese patrimonial e cultural desta zona

Neste paraxe destacan catro elementos curiosos: a capela de Santa Cruz, o Monumento ao Gaitero Galego e dúas cruces.

AS CRUCES

En Santa Cruz hai dúas grandes cruces, unha de pedra (de grandes proporcións) e outra (a máis antiga) moito máis pequena.





A CAPELA DE SANTA CRUZ

Esta pequena capela está documentada no ano 1805, aunque foi rehabilitada a finais do século XX. Cada 25 de abril celébrase a Festa de Santa Cruz, durante a cal, e hónrase á virxe da capela.



A nave é de planta rectangular con muros de mampostería revestidos en morteiro e pintados. Ten unha cuberta a dúas augas, sobre un entramado de madeira. Sobre o tellado ten unha cruz en relevo con todos os brazos iguais. A porta é alintelada con vans a ambos lados da mesma.

O MONUMENTO AO GAITERO GALLEGO

O monumento representa, nun tamaño moi superior ao natural, a un gaiteiro galego tocando a súa gaita. É obra do escultor ourensán Antonio Faílde, e está construído en pedra granítica. Ten gravados os escudos das deputacións galegas.

Foi inaugurado en 1965 polo Ministro Manuel Fraga.



ACTIVIDADES

- Buscar diferentes tipos de árboles e plantas que rodean o monte de Santa Cruz



Camelia



Carballo



conífera (pino)



Eucaliptos



Moreiras



Acivro



Castiñeiros



Ciprés





Cerdeira



[Vista panorámica de Monte de Santa Cruz](#)